



CROS DE ANTIOQUÍA 2020

26 DE XANEIRO – HIPÓDROMO DE ANTELA

1. O Cross de Antioquia está organizado pola Asociación Deportiva Limiactiva contando coa colaboración do Concello de Xinzo de Limia, Concello de Sandiás, Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, Deputación Provincial de Ourense, Hipódromo de Antela e da Federación Galega de Atletismo.
2. Celebrarase o domingo 26 de xaneiro de 2020 nas instalacións do Hipódromo de Antela e está incluído no calendario oficial da Federación Galega de Atletismo.
3. A participación está aberta a atletas federados e non federados, con excepción dos atletas españois con axuda económica da RFEA e atletas estranxeiros que houberan feito durante a presente tempada ou nas dúas anteriores, unha marca dun valor de 950 puntos ou superior na táboa IAAF vixente (como se detalla no artigo 3.4 do regulamento das competicións da RFEA), salvo permiso expreso concedido. Este punto non é aplicable para atletas (españois ou estranxeiros) con licenza FGA.
4. As categorías, circuitos e distancias a percorrer axustaránse ás normas emanadas da FGA.
5. Para a CLASIFICACIÓN POR EQUIPOS, que deberán estar formados por 4 atletas (tres homes e unha muller), sumaranse os postos dos catro componentes, sendo os gañadores os tres equipos que menos puntos sumen.
6. **INSCRICIÓN**

Para realizar a inscrición todos@s atletas deberán cubrir o formulario habilitado ó efecto na web www.carreirasgalegas.com e pagar a cuota de 5 euros de inscrición. Unha vez efectuado o pago confirmarase a inscrición, que inclúe licenza de día da FGA para aqueles que non a posúan. Prazo da inscrición será ata as 23:59 h do xoves 23 de xaneiro.

Para inscribir a un equipo será necesario enviar un correo electrónico a limiactiva@gmail.com indicando o nome do equipo, e nome e apelidos dos 4 atletas que o compoñen (tres homes e unha muller)

7. A retirada de dorsais, efectuarase na secretaría de competición o día 26 de xaneiro a partir das 10:00.
8. As probas serán controladas polo Comité Galego de Xuíces e Cronometradores da F.G.A.
9. Todos os participantes están amparados por unha póliza de seguro de responsabilidade civil e outra de accidentes. Quedan excluídos os casos derivados de un padecemento latente, imprudencia, inobservancia das leis, etc... Tamén quedan excluídos os casos producidos por desprazamento a ou dende o lugar no que se desenvolve a proba.
10. Todos os atletas participantes nesta competición quedan suxeitos a este regulamento. Para o non contemplado nestas regras, aplicarase o regulamento da F.G.A., da R.F.E.A. ou da I.A.A.F no seu defecto.

NOTA: Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición o corredor consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil, así como a xestión da licenza de día e ranking popular de probas de ruta. En todo caso e tal como establece a lei de Protección de Datos, o interesado pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Avenida de Glasgow 13 – 15008 A Coruña.

11.

PREMIOS		
CATEGORÍA	MASCULINO	FEMININO
ABSOLUTA (1º, 2º, 3º)	TROFEO	TROFEO
1º SUB 20	TROFEO	TROFEO
1º SUB 23	TROFEO	TROFEO
1º SÉNIOR	TROFEO	TROFEO
1º MÁSTER 35	TROFEO	TROFEO
1º MÁSTER 40	TROFEO	TROFEO
1º MÁSTER 45	TROFEO	TROFEO
1º MÁSTER 50	TROFEO	TROFEO
1º MÁSTER 55	TROFEO	TROFEO
1º MÁSTER 60	TROFEO	TROFEO
EQUIPOS MIXTOS	1º, 2º e 3º	

Os premios non serán acumulativos.

DISTANCIAS E PERCORRIDOS				
HORA	CATEGORÍA	CIRCUITO	CIRCUITO B	METROS
11:30 h	ABSOLUTA FEM.	--	3 voltas	6.000 m aprox
12:15 h	ABSOLUTA MASC.	--	3 voltas	6.000 m aprox

IMPORTANTE: A organización poderá facer unha soa carreira (masculina e feminina) no caso de que a participación feminina non supere as 25 atletas. Neste caso sería ás 12:15 h, con saída conxunta, e notificarase na web de inscricións e nas redes sociais da A. D. Limiactiva coa suficiente antelación.



CONCELLO DE SANDIÁS

